



VAR-2/2016

Expediente: 430/2016/95

ACTA REUNIÓN MEMBROS XURADO DO CONCURSO DE PROXECTOS REHABILITACIÓN DA PRAZA E O MERCADO DE MONTE ALTO PARA A DESIGNACIÓN DE VOGAIS DO XURADO A PROPOSTA DOS CONCURSANTES

Na Biblioteca do Pazo Municipal de María Pita, ás 11:20 horas do día 3 de febreiro do 2017, reúnense, no Sala Municipal de Exposicións de Palexco, sito no Peirao de Transatlánticos s/n, os membros do Xurado que se dirán, ao fin de **constituír formalmente o xurado do concurso de ideas con intervención de xurado para rehabilitación da praza e o mercado de Monte, estudo da alegación** presentada pola **Proposición nº 63**, excluída por Resolución do Presidente do Xurado do 28 de decembro de 2016 e **1ª reunión do xurado para a clasificación de proxectos** para a rehabilitación da praza e o mercado de Monte Alto (**1ª rolda**):

Presidente: O Concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda do Concello da Coruña, **Xiao Varela Gómez**.

Vogais:

- En representación do Colexio de Arquitectos de Galicia, **Cristóbal Crespo González**.
- Director de Área de Rexeneración Urbana, actualmente de Espazos Públicos e Mobilidade, **Jorge Juan Cao Abad**.
- Xefe de Servizo de Edificación, **Alberto Manuel Vázquez Aguilar**.
- Arquitecto a proposta dos concursantes: **D. Carlos Quintáns Eiras**.
- Marta María García Pérez, Directora da Asesoría Xurídica.
- Ángel David Murado Codesal, interventor xeral.

Secretario: Miguel Iglesias Martínez, Oficial Maior, por delegación do Secretario Xeral do Pleno.

A arquitecta proposta polos concursantes, **Dª. Guadalupe Piñera Manso**, escusa a súa asistencia ao quedar **inmobilizado polo temporal o transporte que a traía á cidade**.

Consonte coa base 10.5 das bases que rexen o concurso, o Presidente do Xurado, o 28 decembro de 2016 ditou Resolución na que constan as proposicións admitidas e excluídas e que foi publicada no perfil do contratante.

A presente reunión convocouse cos seguintes puntos na orde do día:

1º.- Constitución formal do xurado do concurso de ideas con intervención de xurado para rehabilitación da praza e o mercado de Monte Alto.

Presentes todos os membros do xurado agás a vogal arquitecta proposta polos concursantes, que escusa a súa presenza polos motivos sinalados, queda validamente constituído, segundo o previsto na base 13.2 das bases que rexen o concurso.

2º.- Estudo da alegación presentada pola Proposición nº 63, excluída por Resolución do Presidente do Xurado do 28 de decembro de 2016

O secretario do xurado da conta de que:

- A/o concursante que presenta a proposición nº 63, que aparece na relación como excluída porque “Consta presentado en Correos o 31 de outubro sen especificar hora. Non se remitiu fax a Contratación xustificativo de data e hora de presentación. Presenta dous sobres A e B sen identificación do lema”, dirixiuse telefonicamente ao servizo de contratación (segundo dilixencia estendida pola xefa do servizo que consta no expediente e pon de manifesto o secretario do xurado neste acto), para facer constar que remitiu un fax co lema “O lapis de..” que se corresponde coa proposición nº 63 que efectivamente non tiña o lema nos sobres, mais podería comprobarse mediante o código do paquete asignado por Correos e que consta tamén no fax, polo que pode comprobarse a correlación entre o fax e as proposicións presentadas en prazo. **Comprobado polo servizo de contratación que a numeración é a mesma, o xurado por unanimidade procede a entendela admitida e á apertura do sobre B** en canto á comprobación do formularios que debeu cumprimentar segundo o anexo 4, para designación de vogais do xurado a proposta dos concursantes, constando a seguinte proposta.

Proposición/Lema	Membros propostos
Proposición nº 63. Lema: “O lapis de...”	Jesús Irisarri Castro e Guadalupe Piñera Manso

A referida proposta non altera o resultado recollida na acta da reunión do 3 de xaneiro, polo que a composición do xurado non debe variar.

3º.- 1º reunión do xurado para a clasificación de proxectos para a rehabilitación da praza e o mercado de Monte Alto (1ª rolda).

Polos membros do xurado procédese á apertura dos sobres-paquete A que inclúen os paneis e os CD-ROM que inclúen a definición das propostas a nivel de estudo previo.





Trala apertura de todos os paneis, polo secretario do xurado se procede a recopilar os CD-ROM que remitirá ao servizo de urbanismo para a súa dixitalización e remisión aos membros do xurado para un detido estudo dos mesmos se o precisaran, tralo que os CD-ROM serán devoltos ao secretario do xurado que os deixará baixo a custodia do servizo de contratación en sobre pechado.

Advírtese polo secretario que debido a un erro de clasificación das propostas procedeuse á apertura do sobre-paquete A da proposición nº 60 baixo o lema "Aira" que se atopa excluída por Resolución do Presidente do xurado do 28 decembro do 2016, polo que se procede ao seu precinto e que o secretario do xurado deixará baixo a custodia do servizo de contratación.

Dado o volume das propostas, os membros do xurado deciden darse entre unha e dúas semanas para o estudo das proposición antes de proceder en nova reunión a descartar aqueles traballos que non obteñan o apoio de ningún dos membros do xurado, primeira rolda da primeira fase prevista na base 13.2 das bases que rexen o concurso, permanecendo os paneis ata o vindeiro día 10 na sala de exposicións de Palexco (a súa ubicación posterior o cambio da mesma será comunicada polo secretario do xurado ao fin de que calquera membro do xurado poda proceder ao seu estudo se o considerara necesario).

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 13:00 horas, levántase a reunión estendendo a presente acta para a súa constancia, que asinan xunto a min, secretario do xurado, o Presidente do xurado, segundo o previsto no artigo 87.3 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Xiao Varela Gómez
Presidente

Miguel Iglesias Martínez
O secretario do xurado